

***O Soneto Neo-Latino (Vila Nova de Famaliçao, 1929-1933):  
estudio dunha revista poética singular,  
especialmente das colaboracións galegas***

**Xesús Alonso Montero**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [1996]). “*O Soneto Neo-Latino (Vila Nova de Famaliçao, 1929-1933): estudio dunha revista poética singular, especialmente das colaboracións galegas*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1995, 11-37. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1570>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

ALONSO MONTERO, XESÚS (1996). “*O Soneto Neo-Latino (Vila Nova de Famaliçao, 1929-1933): estudio dunha revista poética singular, especialmente das colaboracións galegas*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1995, 11-37.

\* Edición dispoñible desde o 15 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacions pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

## **O Soneto Neo-Latino (Vila Nova de Famaliçao, 1929-1933): estudio dunha revista poética singular, especialmente das colaboracións galegas**

**Xesús Alonso Montero**

Para Xavier Rodríguez Baixeras, sonetista maior do Reino, que escribiu o soneto "Viaxeira (Vila Nova de Famaliçao)", alleo, quizais, ó feito de que esa vila foi, en 1929, a Atenas dos sonetistas.

*Revista única no xénero, editada e impresa en Vila Nova de Famaliçao (Portugal) entre 1929 e 1933, publicou 192 sonetos inéditos escritos en seis linguas románicas. Neste traballo, o primeiro sobre esta singular revista poética, faise un estudio especial dos nove sonetos (algúns nunca exhibidos) de tres poetas galegos (Noriega Varela, Otero Pedrayo, Iglesia Alvariño).*

### I. INTRODUCCIÓN

#### 1. Palabras previas

Aconteceu, en 1929, nunha vila do norte de Portugal que non era especialmente importante e que non tiña sido berce nin escenario de grandes actividades literarias: en Vila Nova de Famaliçao. Foi aquí, nesa data, onde dous homes de Letras, desacougados polo porvir do soneto, deciden crear unha revista que fose instrumento para demostrar que esa ilustre forma poética debía e podía ser potenciada. A revista de Vila Nova de Famaliçao foi creada para estimular a creación sonetística no espazo —no inmenso espazo— das linguas románicas: de Trasalba a Bucarest, de Madrid a Bos Aires, da Terra Cha a Roma, de París a México, de Vila Nova de Famaliçao a Barcelona, de Lisboa a Río de Xaneiro... Velaquí o título deste singular boletín poético: *Revista Internacional. O Soneto Neo-Latino*; e o subtítulo: *Florilégio de sonetos inéditos das linguas latinas e suas afins*. A revista —adianto— creo que é única na historia da hemerografía literaria mundial. No seu día Phileas Lebesgue, entusiasta e colaborador da revista, dixo algo moi semeillante: “*O Soneto Neo-Latino est une chose unique en son genre*”<sup>1</sup>. Un colaborador que nos é familiar, Antonio Noriega Varela, calificábaa, nas mesmas datas, de “singularísima, magnífica revista internacional políglota”<sup>2</sup>.

Nesta singular revista colaboraron tres importantes poetas nosos, tres excelentes sonetistas: Antonio Noriega Varela, Ramón Otero Pedrayo e Aquilino Iglesia Alvariño. Pese á singularidade da revista e pese á significativa presencia da sonetística galega, *O Soneto Neo-Latino* non ten suscitado, entre nós, ningún estudio<sup>3</sup>. En

canto a Portugal, a neglixencia é, quizais, maior, se temos en conta que a ilustre publicación de Famaliçao nin sequera é mencionada no *Dicionário de Literatura*<sup>4</sup> dirixido por Jacinto do Prado Coelho nin no estudio monográfico de Daniel Pires<sup>5</sup>.

## 2. Da sonetística galega anterior ó período 1929-1933

Hai meses fixen chegar a un número elevado de poetas e eruditos un Inquérito (con 21 epígrafes) sobre o soneto galego, cuestionario que suscitou, nalgúns apartados, respuestas documentadas e valiosas que penso ter moi en conta nunha *Historia* e nunha *Antoloxía* do soneto que teño moi avanzadas. Boa parte dos preguntados gaban, dun xeito ou doutro, algúns sonetos de Curros Enríquez, de Ramón Cabanillas, de Noriega Varela e de Gonzalo López Abente. Trátase, aclaro, de sonetos anteriores a 1925, que é o ano do pasamento de don Florencio Vaamonde Lores a quen Carballo Calero estimaba como sonetista<sup>6</sup>. Eu creo que o é excelente e creo, tamén, que foi, quizais, o mellor poeta galego do XIX despois, naturalmente, dos tres grandes. En canto a sonetarios (libros de sonetos) anteriores a 1929, só existe un: *D'Outono* de Gonzalo López Abente (1924). Por certo, un sonetista de hoxe, moi novo, Miro Villar, é autor de atinadas páxinas reivindicativas<sup>7</sup>.

Creo que o segundo sonetario da nosa historia literaria é o libro de Aquilino Iglesia Alvariño *Señardá*, pero este volume imprímese en 1930 cando de *O Soneto Neo-Latino* xa se teñen publicado dous números. Así pois, antes de 1929, a sonetística galega distaba de serinxente, aínda que tiña producido algunas páxinas valiosas (Curros Enríquez, Vaamonde Lores, Noriega, Cabanillas, López Abente...). Así as cousas, constitúese aí ó lado, a poucas leguas da raia do Miño, unha empresa literaria concibida para servir a causa do soneto. A empresa, unha revista literaria, non vai ser allea ós nosos sonetistas, ós que, como tales, nalgúnha medida, estimulou. A colle, en primeiro lugar, un soneto de Noriega Varela, poeta cunha certa consagración no xénero; abre as súas páxinas ós primeiros sonetos de Otero Pedrayo nunhas datas en que se estreaba como sonetista e, case, como poeta<sup>8</sup>; publica algúns dos primeiros sonetos de Iglesia Alvariño, escritor que en 1930 abrolla, no mapa poético de Galicia, cun magnífico sonetario (*Señardá*), inclinación —a sonetista— que foi, sen dúbida, alimentada ou reforzada polo espírito e os afáns da peculiar revista portuguesa.

## II. O SONETO NEO-LATINO: DATOS E NOTAS SOBRE UNHA REVISTA POÉTICA NON ESTUDIADA

### 1. “Directores e editores”: Álvaro de Castellões (*Vizconde de Castellões*) e Júlio Brandão (*da Académia das Ciências de Lisboa*)

Non é fácil atopar datos biobibliográficos de Álvaro de Castellões, pseudónimo de Alvaro de Castro Araújo Pereira Ferraz, que foi vizconde —o terceiro— de Castellões, terra moi próxima a Famaliçao na que a familia posuía casa e outros bens<sup>9</sup>. Naceu no Porto o 1 de abril de 1859 onde faleceu o 9 de xullo de 1953. Enxeñeiro (pola Escola Politécnica de Lisboa), chegou a ser, pola súa profesión, director das obras públicas da India e dos camiños de ferro do Miño e do Douro. Autor de traballos relacionados coa súa especialidade, simultaneounos cunha intensa actividade literaria, sobre todo no eido da poesía. Libros seus de poemas son: *Beijos e rosas* (Lisboa, 1890), *O sonho do Infante D. Henrique: tentativa de*

narrativa épica (*Vila Nova de Famalicão, 1936*), *Amorosa canção* (id., 1944) e *Rimas orientais* (id., 1945). Como home preocupado por certos aspectos do oficio de poeta, hai que citar o seu *Dicionário de rimas* (Porto, 1951), hoxe na terceira edición<sup>10</sup>.

En canto a *O sonho do Infante...* (1936), trátase dun volume que contén o canto así titulado e, a modo de apéndice (33-58), 23 sonetos, todos da súa autoría agás dous: "O río Saja", que traduce un de Concha Espina, e "Eu, ao meu corpo", que traduce un de Domingo Rivero. Este apareceu, nas dúas versións, en *O Soneto Neo-Latino*, e aquel, só na orixinal. Dos 21 restantes, seis xa os publicara nas páxinas da revista. Por conseguinte, a tres anos da desaparición de *O Soneto Neo-Latino*, Álvaro de Castellões aínda está moi vencellado á causa do soneto e a algúns dos sonetos (propios e alleos) publicados nas súas páxinas.

Teño a impresión de que, dos dous directores da revista, foi Álvaro de Castellões o más comprometido coa causa e coa tarefa. Non só publica nela máis sonetos que Júlio Brandão (nove contra tres) senón que dous deles expresan moi elocuentemente o seu empeño na empresa. No titulado "O soneto, voz portuguesa" exalta a aportación lusitana ó xénero en tres grandes voces: Camões, Bocage e Antero de Quental. Cando, en 1932, non chegan á redacción da revista senón moi poucos poemas, Álvaro de Castellões escribe e publica un SOS, en forma de soneto, que debe reproducirse:

#### CIRCULAR ROGATÓRIA

Aos colaboradores negligentes

*Foram, na Renascença, dos maiores  
Artistas os modelos predilectos,  
Estes sucintos, líricos poemetas  
Confidentes de sonhos e de amores.*

*Não são, hoje, os modernos escritores  
À grácil, mas difícil regra, afectos,  
O que faz que à Revista de Sonetos  
Nem sempre abundem colaboradores.*

*Que bem mais erradios que o Cometa  
Que raro no horizonte se descobre,  
Me obrigam a levar a vida inquieta*

*Esmolando sonetos como um pobre:  
Chapéu na mão, à esquina do planeta,  
Na expressão singular de António Nobre.*

Pese a este curioso e ben trobado chamamento, a revista desaparecería meses despois. Da súa relación cos poetas galegos só podemos aducir un texto: o poema que lle dedica "A Noriega Varela" ("A voz materna") en 1930<sup>11</sup>.

Júlio Brandão si figura nos tratados de historia literaria (Oscar Lopes, João Gaspar Simões...) como poeta non exento de interese nun tempo de importantes poetas. Naceu Júlio Brandão (Júlio de Sousa Brandão) en Vila Nova de Famalicão

o 9 de agosto de 1869 e faleceu en 1947 no Porto, cidade na que foi profesor de ensino técnico. O recente traballo “Júlio Brandão e a crítica”<sup>12</sup>, de Amadeu Gonçalves, funcionario da Biblioteca Camilo Castelo Branco de Vila Nova de Famaliçao, ilustra polo miúdo sobre o punto de vista dos críticos desde que o escritor famalicense publicou o seu primeiro volume de poesía (*Livro de Aglais*, O Porto, 1892).

Os críticos teñen gabado algúns dos seus contos. Como polemista, enfrontouse con Teixeira de Pascoaes e Pedro Vitorino. Colaboracións poéticas súas atópanse en dous semanarios vilanoveses estritamente contemporáneos de *O Soneto Neo-Latino: A notícia e Estrela do Minho*. Por certo, nos números consultados por min (1929 a 1931) abundan os sonetos. Soneto é “A amendoeira” de Júlio Brandão (*Estrela do Minho*, 16-11-1930), que xa aparecera en *Vida Gallega* (Vigo), con outro poema seu, anos antes (20-1-1921).

## 2. Os sete números da revista: dos seus contidos e da súa cronoloxía

Debo confesar que tardei en bater coa colección completa de *O Soneto Neo-Latino*<sup>13</sup>, colección que posúi, desde hai un ano, mercé ós bos oficios (e ó bo oficio) do libreiro de vello Sr. Sousa e Almeida (O Porto). A colección preséntase como volume I (non houbo outros) da revista, volume que contén os sete “tomas” (*sic*) que apareceron desde 1929 a 1933 (esta é a data que figura no lombo do volume).

Nunhas “Explicaciones necessárias”, que preceden ó tomo I, lemos: “Cada tomo da Revista constará de 36 páxinas e conterá, com excepción do primeiro, 32 sonetos. Será publicado trimestralmente, correspondendo este primeiro tomo ao primeiro trimestre do corrente ano de 1929, e cada volume constará de 7 fascículos, sendo 6 de texto e o último reservado ao índice e notas biobibliográficas dos colaboradores”. Cada tomo foi “composto e impresso na Tipografia Minerva [de] Vila Nova de Famaliçao”. En canto ás características de cada un destes “tomas” ou “fascículos”, xa veremos, número a número, se responden na súa totalidade ó “programa” establecido nas “Explicaciones necessárias”<sup>14</sup>.

### TOMO I

No texto transcrito lemos: “...correspondendo este primeiro tomo ao primeiro trimestre do corrente ano de 1929...”. A data real, sen embargo, se nos atemos ó indicado máis abaixo, é algo posterior: “O atraso na publicación do primeiro número foi devido á demora... en nos chegar... as colaboracións...”. Inclínome a pensar que este primeiro tomo saíu do prelo en xuño de 1929 se admitimos como referencia indicativa a data en que algúns escritores e periódicos portugueses acusan recibo: Manuel Ramos (6-7-1929), *O Primeiro de Janeiro* (17-7-1929), etc. Este tomo I consta de “Duas palabras” (pp. 5-6), “Explicaciones necessárias” (sen paxinar) e 26 sonetos (pp. 7-32).

As “Duas palabras” son un canto ó soneto centrado nun texto de Antero de Quental no que este gran sonetista afirma que “é a forma superior do lirismo do corazón”. Este primeiro fascículo xa acolle sonetos galegos: un de Noriega (“Sorrisos d'eles”) e outro de Otero Pedrayo (“Betula fidelis”).

Este tomo foi o único —que eu saiba— saudado pola crítica galega nunha revista de cultura (*Vid. a reseña anónima en Nós*, 68, 15-8-1929, pp. 143-44). Desta

breve recensión (media columna) interesa reter: “ninguén millor qu’os portugueses poidera meterse n-esta empresa, posto qu’esto do soneto, se foi invenzón italián, en Portugal coalou com’en ningures, e onde moitos sonetos se xuntan, con seguranza han sobresair os portugueses: díganos Camões e Antero, sen ir mais lonxe”. E tamén: “...n-esta recolleita na que se xuntan cinco lingoas (portugués, español, galego, italiano, francés) e oito literaturas (Brasil, España, Galiza, Bélgica, Francia, Romenia, Italia, Portugal) aparez honorosamente representadas a nosa fala e as nosas letras”. Percibimos, na reseña, a man de Vicente Risco.

## TOMO II

Contén “Aos nossos leitores” (sen paxinar) e 32 sonetos (pp. 33-64). Neste “prólogo” os editores recoñecen que o presente fascículo “é dado a lume com bastante retraso”. ¿Saíu a fins de 1929? Repárese que o soneto de Alberto Osorio de Castro (p. 61) está datado o 16 de setembro dese ano. No limiar, os editores estampan esta sorprendente observación: “Apesar do soneto ser de invenção italiana, onde com tanta variedade e esplendor floresceu, é certamente em Itália que a bela forma poética parece menos cultivada hoje em dia...”.

É neste segundo tomo onde se publica o primeiro soneto de Aquilino, (“Os vencidos”), terceiro —e derradeiro— poeta noso que aparece na revista.

## TOMO III

Consta duns “Excertos de algumas apreciações-críticas do tomo I...” (sen paxinar) e 32 sonetos (pp. 65-96), un dos cales, o de Henri de Regnier, está datado o 22 de agosto de 1930. O tomo acolle senlos sonetos de Otero Pedrayo (“Canción d’outono”) e Aquilino (“A ti, soneto triste”).

## TOMO IV

Contén, sen paxinar, dous limiares (“Explicações necessárias” e “Continuação dos excertos de apreciações críticas...”) e 32 sonetos (pp. 97-128). Dous son os galegos: “Badalada d’outono”, de Otero Pedrayo, e “Usque-quo, Domine”, de Aquilino. Deste é un longo “exerto”, tomado de *El Progreso* (Lugo), no que comenta os tres primeiros tomos de *O Soneto Neo-Latino*. Gabancioso e cortés sempre coa revista, estampa algunas consideracións interesantes, especialmente esta:

Grande, pues, es la deuda que todos hemos contraído para con los entusiastas literatos, Vizconde de Castellões y Júlio Brandão, que vienen, con esta revista, a despertar la atención de los poetas neolatinos sobre esta forma tan bella, tan refinada, que concentra en una gota de orballo toda la luz de las esferas, y que hoy, por abandono, se halla postergada en muchas naciones, significando un retroceso real en la técnica del arte. Y grande, sobre todo, es el servicio prestado a las regiones, encerradas en su pobreza, al poner en comunicación directa la vida artística de todas las lenguas neolatinas, a través de las claras estrofas del soneto.

Para situar a aparición deste tomo, repárese na data do soneto de João Saraiva: maio, 1931 (p. 125).

## TOMO V

Consta de dous limiares sen paxinar (“Expediente” e “Novas apreciações críticas...”) e, de novo, 32 sonetos (pp. 129-160). Un deles, o de Manuel de Moura (p. 160), está datado en agosto de 1931. Para poder aproximarmonos máis ó momento da aparición deste tomo, téñase en conta que no “Expediente” saídase a publicación, en Italia, do primeiro número da *Rivista di Studi Neo-latini-Arelhusa* (outubro, 1931).

Neste tomo a colaboración galega é de Otero Pedrayo (“Na coba de Rosalía”).

## TOMO VI-VII

Consta de 51 sonetos (pp. 161-211) dous dos cales son de setembro de 1932 (182 e 184). É de supoñer que este número saíu a fins deste ano. Tanto neste caso como nos anteriores non se cumpre a periodicidade trimestral, quizais porque os sonetistas non posúen a dilixencia desexada polos editores. É neste número —dobre, o que o fai sospitoso— onde Álvaro de Castellões publica nunha folla fóra de texto (e intercalada entre as páxinas 160 e 161) o case desesperado soneto que titulou “Circular rogatoria”, que dedicaba “Aos colaboradores negligentes”.

Despois do soneto derradeiro (p. 211) hai tres seccións en prosa, esta vez paxinadas: “Nota final” (213-216), “Emendas” (217) e “Índice dos sonetos” (219-224), páxina esta na que se consigna “Fim do 1º volume”. Contra o establecido no “programa” (as primeiras “Explicações necessárias”) non houbo, en realidade, sete tomos, xa que, ó numerarse o derradeiro como VI-VII, son seis; tampouco o derradeiro se dedica a “Índice e notas biobibliográficas dos colaboradores”: mágoa que estas non existan.

Neste tomo, o derradeiro do primeiro volume e, sen dúbida, o derradeiro da publicación, tamén hai colaboración galega: o soneto de Aquilino “Camiños no mar”.

## NOTA FINAL

Os editores encadernaron os sete fascículos (cinco más un dobre) nun volume ó que numeraron como “volume I” en cuio lombo estamparon a data de 1933. Neste volume, unha boa parte dos “limiares” de cada tomo, nunca paxinados, pasaron, sen paxinar tamén, a un “Apéndice”, que, por conseguinte, contén: “Explicações necessárias”, “Aos nossos leitores”, “Excertos de algumas apreciações-críticas do tomo I...”, “Explicações necessárias”, “Continuação dos excertos...”, “Expediente” e “Novas apreciações críticas...”.

3. *Máis sobre os obxectivos da revista: os fins e os medios*

Os editores, temerosos ante o porvir do soneto, queren potencialo no espacío, certamente enorme, das linguas románicas. Nun subtítulo consignan: “Florilegio de sonetos inéditos das linguas latinas e suas afins”. Se ben é certo que os creadores da revista só solicitaban sonetos inéditos, non sempre a resposta foi honrada (o soneto de Noriega, por exemplo, xa fora publicado. Hai outros exemplos). En canto ó de “linguas afins” ás latinas (neolatinas, románicas), ignoro cal era o criterio dos directores. ¿Era “afín” o romanés, se é que tiñan claro que se trata dunha lingua cun importante compoñente eslavo?

No primeiro dos “limiares” (“Explicações necessárias”) os editores agradecen ós diplomáticos portugueses de Roma, París... o seu “auxilio”, agradecemento que estenden ó Embaixador de Portugal en Madrid, pese a que as súas “muitas ocupações” non lle permitiron a colaboración que el desexaría. En España este labor fano os “distintos colegas Srs. Novais Teixeira e Júlio de Lemos”, este —aclaramos— moi relacionado cos escritores galegos<sup>15</sup>. Escritores amigos, pero, sobre todo, os diplomáticos portugueses foron, sen dúbida, os que, fóra de Portugal, actuaron como valedores e propagandistas da sorprendente revista que dous poetas non moi relevantes e escasamente coñecidos crearon nunha pequena e pouco rechamante vila portuguesa. Así se explica que acudisen á chamada escritores de certa valía e, sobre todo, escritores pertencentes a institucións literarias e científicas de prestixio: Alberto de Oliveira (Academia Brasileira de Letras), Henri de Régnier (Académie Française), Sébastien-Charles Leconte (Presidente da Société des Poètes Français), Comte H. Carton de Wiart (Académie Royale de Belgique), Nicolae Iorga (Rector da Universidade de Bucarest)... Este, por certo, era, nese momento, Presidente do Consello de Ministros. Os directores de *O Soneto Neo-Latino*, conscientes da importancia destas institucións, consignan sempre o seu nome debaixo do do escritor. Era un xeito de prestixiare a revista da humilde vila portuguesa.

Os editores da revista, que están comprometidos, fondamente, coa causa do soneto, ás veces tamén expresan outro ideal: o “da comunhão literária dos povos latinos”, e mesmo chegan a sentírense orgullosos de teren dado “o primeiro passo em prol da tão almejada pan-latinidade”. Por iso saúdan a aparición, posterior, de publicacións como a *Rivista di Studi Neolatini-Arelhusa* en cuio primeiro número (outubro de 1931) “encontram-se, além de interesantes estudos sobre as obras de poetas dialectais, composições em lingua provençal e em vários idiomas dos antigos reinos de Itália”. Cumpriría consultar esta revista, por se hai páxinas galegas, e saber se se chegou a publicar *L'isola dei poeti* da que din os nosos directores: “Brevemente deve ver a luz..., tambem destinada á recolha e publicidade de poemas en todas as linguas latinas e suas afins... e será dirigida pelo ilustre poeta Ettore Magni...”.

#### 4. Colaboracións: países, linguas, autores e traductores

A revista agrupa os poetas por países (Estados), non por linguas. No caso dos “espanhois”, por exemplo, todos e cada un deles aparecen baixo o rótulo “Espanha”, e, se o poeta é de lingua non castelá, figura, baixo o seu nome, a designación “catalão”, “valenciano” ou “galaico”. No noso caso, por certo, non sempre é así. Poemas hai en que non aparece esta designación, e nun caso, no soneto de Aquilino da p. 195, lemos: “Do Seminario de Estudos Galegos”, quizais debido á tendencia dos editores a sinalar e subliñar o nome das institucións.

Capítulos hai en que a concepción non lingüística é moi evidente. Dous sonetos en francés de Hélène Vacaresco aparecen baixo o epígrafe “Romênia”, o mesmo que o soneto, en romanés, de N. Iorga. Sabido é que Hélène Vacaresco (1866-1947) fixose escritora, en francés, desde 1891, ano no que establece a súa residencia en París<sup>16</sup>.

“Espanha” non aporta un número elevado de sonetos, 22, menos que Italia e moito menos que Portugal. Quizais se deba, en parte, á inactividade mediadora do embaxrador portugués en Madrid. Fose como for, non figuran, entre os “espanhois”, algúns dos grandes poetas que cultivaban, daquela, o soneto, entre eles

Unamuno, Juan Ramón Jiménez e os irmáns Machado. En castelán colaboran dez poetas, un, Concha Espina, con dous sonetos. Escritora de certo nome, non é significativa a súa produción poética. Xa eran poetas de certo prestixio Juan José Domenchina, Mauricio Bacarisse, Ernestina de Champourcin e Enrique Díez-Canedo. Este, crítico literario importantísimo na España daqueles anos, publicou en *El Sol*, de Madrid, unha reseña laudatoria do tomo IV da revista na que recorda, para o soneto, a definición de Carducci (“breve e amplissimo carme”) e gaba, entre outras composicións, “Badalada d’outono”, de Otero Pedrayo a quien caracteriza como “el fogoso adalid gallego” (supoñemos que está a pensar no orador parlamentario das Cortes Constituíntes).

De lingua castelá son tres poetas das Illas Canarias, territorio no que os nosos editores terían un intermediario eficaz. Son: Fernando González (1899-1972), Claudio de la Torre (1895-1973) e Domingo Rivero (1852-1929) do que se publica un célebre soneto seu, “Yo, a mi cuerpo”, que non sabemos se era inédito.

A literatura catalana está representada, “comarcalmente”, por dous poetas: Josep María López Picó (1886-1959), “catalão”, e Francesc Almela i Vives (1903-1967), “valenciano”.

Entre os poetas de Francia só un, na miña opinión, era considerado importante na súa época: Henri de Régnier (1864-1936), académico da Francesa, desde 1911, no sillón 39. Entre os colaboradores franceses figura con cinco sonetos, que son moitos, Phileas Lebesgue (1869-1958), coñecido lusófilo, condición que explica, máis que o valor dos seus poemas, a súa ampla presencia na revista. Tamén se interesou pola nosa literatura, da que foi un divulgador e traductor en revistas do seu país (*Les Tablettes, Mercure de France*). En Nós estivo moi presente o seu nome<sup>17</sup>.

Non sendo escasa a presencia italiana, distan os autores de seren, no seu tempo, de primeira liña. Non colabora, por exemplo, o gran sonetista Umberto Saba. Sorprenderían, quizais, os catro textos de Guido Battelli (1869-1955) se non soubesemos que este escritor colaborou, en publicacións portuguesas, como lusófilo. Tamén, ó igual que Phileas Lebesgue, interesouse polas nosas Letras. En Nós (84, 1930) traduce ó italiano dous poemas de Noriega Varela. Non é a única presencia súa nesta revista.

Dos dez poetas brasileiros o verdadeiramente importante é o parnasiano Alberto de Oliveira (1857-1937), cuio “Arachné” abre o primeiro tomo da revista. Gozou dalgunha consideración no seu tempo Filinto de Almeida, parnasiano, tamén, que naceu no Porto (1857-1945).

Na revista só están presentes dous países americanos de lingua española, moi modestamente representados, por certo. Hai que supoñer que os directores da revista non atoparon “embaixadores” dilixentes en Cuba, Nicaragua, Chile e outros países onde o soneto fora cultivado con certa brillantez.

Dous son os arxentinos que colaboran en *O Soneto*, Mary Rega Molina e González Carballo, este de estirpe galega, logo coñecido entre nós polo seu *Libro de canciones para Rosalía de Castro* (Bos Aires, 1954).

Catro son os colaboradores mexicanos, un certamente importante, Enrique González Martínez (1871-1952), quen, en 1911, precisamente nun soneto, condenara a morte certas externidades do modernismo: “Tuércele el cuello al cisne de engañoso plumaje”. Dos sete sonetos mexicanos, tres corresponden a María Enriqueta [Camarillo de Peryral] (1872-1968), que Federico de Onís antoloxizou e gabou<sup>18</sup>.

En romanés só se nos ofrece un soneto, de N. Iorga, personalidade relevante, pero non ó gran sonetista do seu tempo, loureiro que lle corresponde a Mihail Codroneau (1876-1957)<sup>19</sup>. Moi escasa é a sonetística belga en francés: tres poemas.

O capítulo máis extenso, como era de esperar, é o de Portugal, que acolle 84 sonetos de 45 poetas, dos cales 13 son mulleres. Sendo un capítulo de moitas voces, algunhas moi distintas, quizais non sexa totalmente representativo. Faltan, entre outros, sonetistas tan interesantes e tan distintos como Júlio Dantas (1876-1962), Fernando Pessoa (1888-1935) e Florbela Espanca (1894-1930). Colaboran, si, dous poetas consagrados: Eugénio de Castro (1869-1944) e António Feijó (1862-1917). Deste, falecido había anos, os directores da revista hónranse en publicar dous sonetos inéditos cedidos polo seu albacea Luis de Magalhães, asiduo colaborador desta publicación. Hai un colaborador, José Leite de Vasconcelos, poeta ás veces, que foi incluído pola súa extraordinaria personalidade de polígrafo.

Cómpre facer unha consideración sobre as traducións. En efecto, algúns dos sonetos non os ofrece a revista na lingua orixinal, quer por teren morto os autores antes de 1929, quer por negárense a colaborar, quer por non chegaren os editores, con eficacia, a eses autores. Parece claro que hai nomes de poetas ós que os responsables de *O Soneto Neo-Latino* non queren renunciar, e unha forma de ofrecéronlos está na traducción. Sergio Frusoni (p. 198) traduce ó italiano ó brasileiro Olavo Bilac (†1918); Guido Battelli traduce ó mesmo idioma (p. 196) a Florbela Espanca; tamén ó italiano traduciu Sergio Frusoni (p. 148) un soneto de Antonio Nobre.

Nalgúns casos, sonetos publicados na lingua orixinal nun número da revista aparecen, noutro, traducidos: Álvaro de Castellões traduce do castelán e do francés, e Guido Battelli traduce ó italiano a “Circular rogatória” de Álvaro de Castellões.

##### 5. Dúas notas máis

Hai casos de poliglotismo que cómpre rexistrar. Trilingüe é Thomaz Ribeiro Colaço (1899-1965): portugués, francés e castelán. Son bilingües (portugués e francés) Celestino Soares e Maria Magdalena de Martel Patricio (1884-1947). Calquera que sexa a lingua, os poemas destes autores aparecen baixo o rótulo de Portugal. Os tres, portugueses de nación e de expresión, cando escriben en castelán ou en francés, fan unha contribución á poesía alofónica.

Nunha revista das características e da finalidade da presente non podía estar ausente o soneto sonetil<sup>20</sup>, que, certamente, non escasea. Entre os autores non debe sorprendernos o máis militante de todos: Álvaro de Castellões. Del é “O soneto, voz portuguesa” no que considera, como fitos, a Camões, Bocage e Antero. Co título “O soneto” publica un dobre o brasileiro Filinto de Almeida; brasileiro é tamén Menotti del Picchia, autor de “Soneto ao soneto”. A única colaboración de Enrique Díez-Canedo titúllase “Soneto al soneto”.

Ningún dos tres autores galegos define ou canta o soneto, “xénero” este inédito en galego<sup>21</sup>, pese a que en España ten tido ilustres cultivadores, algúns, como Baltasar del Alcázar e Diego de Mendoza de Barros, anteriores a Lope de Vega (“Un soneto me manda hacer Violante”)<sup>22</sup>.

### III. OS NOVE SONETOS EN LINGUA GALEGA

#### 1. *A modo de limiar*

Ós editores da revista non lles era difícil relacionarse cos escritores galegos, un dos cales, Noriega Varela, había anos que era moi estimado por Teixeira de Pascoaes e outros escritores portugueses de Entre Douro e Miño. Vencellado ós escritores galegos estaba Júlio de Lemos, quen, como xa vimos, foi un dos que actuaron, en nome da revista, para conseguir “a colaboración española”, colaboración que foi moi pequena e pouco representativa no caso da literatura catalana: senlos sonetos de López Picó e Almela i Vives. Non nos ofrecen páxinas dos grandes poetas cataláns da época como Carles Riba e Josep Carner, extraordinario sonetista este.

En realidade, os editores de *O Soneto Neo-Latino* teñen unha concepción moi oficial dos países, o que os leva a poñer o acento máis na lingua estatal que nas diversas literaturas de certos países. Hai que pensar que non solicitaron sonetos en occitano, en sardo, en determinados “dialectos” italianos (tan cultivados)... Ou non os solicitaron ou non se esforzaron na solicitude, o que debeu acontecer coa poesía catalana, tan pauperrimamente representada.

#### 2. *A colaboración galega*

A presencia de nove sonetos de tres importantes poetas galegos é, no capítulo dos 22 sonetos de “Espanha”, unha presencia grande e valiosa. Estes nove sonetos son (se omitimos os dous sonetos en catalán) a única literatura “dialectal” presente nas páxinas da revista, unha literatura —engadamos— máis e mellor representada que a belga de expresión francesa (tres autores, tres poemas) e que a romanesa (un só poema). Ali a onde chegou a boa nova de *O Soneto Neo-Latino* chegou, na voz de Noriega, Otero e Aquilino, noticia da lingua e da poesía galegas. Lástima que non colaborasen nesta revista dous sonetistas moi importantes da época: Ramón Cabanillas e Gonzalo López Abente.

Dos quince poetas “espanhois” (autores de vintedous sonetos), hai un galego que colabora en castelán: Álvaro das Casas (1901-1950). Nesa data, 1929, Álvaro das Casas non só tiña publicado libros galegos en prosa senón que xa tiña cultivado, nalgunhas revistas, o soneto na nosa lingua<sup>23</sup>. Ignoro, pois, a razón pola que non colabora en galego na revista famalicense.

#### 3. *Un soneto de Antonio Noriega Varela (1869-1947)*

Figura na páxina 14 do tomo I da revista (xuño (?) de 1929). O soneto non era inédito, como pode verse no estudio-edición de X. R. Freixeo Mato<sup>24</sup>, quen non cita esta edición. Das edicións anteriores, a primeira, segundo Freixeo Mato, é de 1924 (*Almanaque de Ponte-de-Lima*). Así pois, Noriega non se atén a unha das condicións indicadas polos directores da revista: que os sonetos fosen inéditos. Velaquí o seu:

## SORRISOS D'ELAS

Para la Ex.ma y espiritualísima Señora  
Doña Licinia Dantas de Lemos.

**S**ORRISOS d'as d'o ermo tristes flores,  
Sorrisos d'elas, y-a ternura miña,  
Y-os requebros d'os meigos ruseñores  
Pra a auguiña fresca d'esta fonteliña...

¿Quén me quere apracer? De gracia a brindo:  
Bebe, roseira, (véxote espirando).  
¡Bebe, luar piedoso, e vai sorrindo!  
Bebe, almiña, qu'estás na cruz sangrando...

Ferin meu corazón; feríno adrede  
Pra que saltáse a lympha! ¿Quén ten sede?  
¡Aquí fóda-las vidas dolorosas!

¿Eres un verme? Déixa que ch'eu canfe!  
E tú, qu'es un leproso, pasa adiante  
E bebe, hirmao d'os astros, e d'as rosas!...

ANTONIO NORIEGA VARELA.

Para as variantes nas distintas versións, consultese o minucioso aparato crítico do estudo citado. Pola miña parte, debo facer a observación de que a dedicatoria en castelán (nin en galego, o idioma do poema, nin en portugués, o idioma da destinataria) responde ó peculiar criterio diglósico de Noriega Varela. Na edición de 1924, nunha publicación portuguesa, a dedicatoria xa estaba en castelán, se ben sen un dos superlativos ("y espiritualísima"). Non hai que fiarse do texto de *El Pueblo Gallego* (1-1-1925), sen dúbida "corrixido" pola dirección do xornal vigués: "Á Exma. Senhora Dª Licinia Dantas". En *D'o ermo* (1929), onde se titula "Auguiña fresca", desaparece a dedicatoria que, si, se consigna, nese mesmo ano, na revista de Famalicão (hai peritextos que están en función do lugar de publicación).

Noriega, que xa colabora no número I da revista, non volverá a aparecer nas súas páxinas. Amigo, como foi, de proxectarse no norte de Portugal, onde tiña admiradores como Teixeira de Pascoaes, sorprende a súa ausencia nos restantes números de *O Soneto Neo-Latino*, máxime se temos en conta que eran uns anos nos que estaba entregado de cheo ó cultivo do soneto. É a un escritor portugués, Raul Brandão, a quien lle comunica, en 1924, que está a preparar un libro de 50 sonetos que pensa titular *Tenuis pluvia*<sup>25</sup>. Por outra parte, hai un dato que nos permite supoñer que a relación cos directores da revista era boa: en 1930 o Vizconde de Castellões dedícalle un poema<sup>26</sup>.

#### 4. Catro sonetos de Otero Pedrayo (1888-1976)

Sobre a importancia de don Ramón como poeta aínda terá que pronunciarse a crítica, e terá que pronunciarse, cunha certa seguridade, cando os críticos poidan consultar o corpus poético completo nunca recolleito en volume. Xa en 1955 Carballo Calero falaba da necesidade de facer esa compilación, convencido, como estaba, da valía dos poemas oterianos: “O poeta de que falo, ademais, éinxusto coa súa obra en verso. Fai pouco negoume o permiso para reunila nun volume. Vengareime señalándoa co dedo”<sup>27</sup>.

En 1975 Carballo insiste: “Sería de desexar un volume antolóxico de versos de Otero debidamente preparados”<sup>28</sup>. Eu teño arrecadado varias ducias de poemas, algúns dos cales axiña comporán un volume que, na miña opinión, será moi representativo da poesía oteriana, hoxe por hoxe dispersa.

Na biografía poética de Otero Pedrayo os catro sonetos da revista famalicense constitúen, case, o seu capítulo auroral. En realidade antes de 1929 só publicara catro poemas<sup>29</sup>, ningún deles soneto. Como sonetista, pois, estréase, en 1929<sup>30</sup>, na curiosa revista portuguesa, e nada impide pensar que foi esta publicación a que espertou ou aguilloou esa corda da súa lira de poeta, logo pulsada en varias ocasións.

Velaquí, xa, o primeiro dos seus sonetos (tomo I, xuño (?) de 1929, p. 15):

#### BÉTULA FIDELIS

**P**ERDEÚSE na montaña un rayo do luar.  
Probiño! atoutiñando na fera penascada  
Tivo medo da noite, dos lobos, do bruar  
Da nordesía nos cotos da serra afromentada.

Soilo atopoú consolo no máino latexar  
Da fonteliña virxe, qu'a espera d'alborada,  
Deitaba silandeira baixo o piedoso ollar  
Da Galaxia albescente no ceo costelada.

E levado da máu da xenil conselleira  
Chegóu hastra o agarimo d'unha verde quebrada  
Ond'a fontela fixose escuma cantareira;

E o rayo do luar por feifizo de fada  
Trasformoúse na neve de fremante abedoeira  
Da fonte fuxitiva pra sempre namorada,

RAMON OTERO PEDRAYO.

Pero antes publicara don Ramón un breve artigo, co mesmo título, no que reflexta, con devoción, sobre o “bido”, ó que tamén chama “bidueiro” e “bídalo”<sup>31</sup>.

O soneto, peculiar na sonetística oteriana, conta unha “historia”, ten argumento: un raio de lúa, mercé ó feitizo dunha fada, transfórmase en “abedoeira”.

O segundo soneto de Otero Pedrayo aparece no tomo III (outubro (?)) de 1930, p. 78):

### CANCION D'OUTONO

---

**R**OSEIRA mainamente desfollada  
Por calada pasión. Ceibe fontela  
Qu'o espallar dubidoso d'alborada  
Inda garda a lembranza d'unha estrela.

Vaga nos ermos unha sombra amada,  
Ten a serra saudades de doncela,  
Y-esperfa o pensamento ante a chamada  
Da lunga noite e da mañan sinxela.

Pasa o setembre; no espido outeiral  
Demórase o sólpor en lungo énsono;  
Os coros da vendíma enchen o val,

Namentras un norfiño en baixo fono  
Vai pulsando no morno piñeiral  
A sonafa pañéfea do oufono.

RAMON OTERO PEDRAYO  
(Galáico.)

Un tema e unha emoción moi presentes na súa prosa e nos seus versos. Este soneto é case contemporáneo do poema “Domingo d'outono”.

Tema outonal é o do terceiro soneto (IV, xuño (?)) de 1931, p. 107):

### BADALADA D'OUTONO

---

**A**neboeira, a neboeira... Os piñeiraless  
Soñan cegos e pechos na priguiza  
Da mañan crístaiña xa oufoniza  
Que se fire nos pinchos dos foxales.

Ainda é verde a ramaxe dos parrales  
 Mais unha loira fada os enseitiza  
 Y-esperta nos salgueiros a cobiza  
 De se vestir c'a coor dos milleiraes.

Esprito que saloucas na campía  
 Non infenes curar as tuas doores  
 No orballado rayar d'un novo dia...

Non agardes canfar os reiseñores...  
 Xa ven o outono na alborada fria  
 Y-a neboeira amortaxando amores.

RAMON OTERO PEDRAYO.

O primeiro cuarteto non parece estar alleo ós primeiros versos do soneto "A brétema" (1923) de Noriega Varela. Otero coñecía ben, e estimaba, a poesía do autor de *Do ermo*, destinado en Trasalba, como mestre de escola, de 1913 a 1926.

Non é a primeira vez que se exhuma este soneto. En 1918, ano do centenario de don Ramón, reproducése en dous traballíños meus<sup>32</sup>.

O derradeiro soneto de Otero Pedrayo publicase no tomo IV (novembro (?) de 1931, p. 139):

#### NA COBA DE ROSALIA

**M**INGOANTE malencóneco do outono  
 Envolveito en farrapos de neboeiras  
 ¿Buscas, quizáis, n'un febrecente ensono  
 A céltiga deidá das carballeiras?

Ouvean, medoñentos, càs sin dono.  
 Bailan rondas de bruxas nas xesteiras  
 E pasa da estadea o grave tono  
 N'un tristeiro ruxir de follateiras.

Rachando os vidros da mañán friera  
 Bafelan as campás na louxanía...  
 E di o luar: «miña lús derradeira,

Meù morto cravexar antes do dia,  
Soílo busca con pena silandeira  
A coba donde durme Rosalía!»

RAMON OTERO PEDRAYO  
(Gallego).

Neste soneto, o luar, en tempo de outono (de novo, o outono), busca a cova de Rosalía de Castro. Don Ramón, ó longo da súa vida, escribira páxinas e páxinas sobre Rosalía en varios xéneros literarios: teatro, discurso, ensaio...

No presente soneto é sospeitosa a forma “cravexar” (çcrarexar?) e, quizais, “louxanía” (lonxanía). Non sempre eran moi doados de interpretar os manuscritos de don Ramón, e menos por quen non tiña unha certa familiaridade co galego e co seu galego.

##### 5. *Catro sonetos de Aquilino Iglesia Alvariño (1909-1961)*

O primeiro soneto, “Os vencidos” (II, fins (?) de 1929, p. 43) pode lerse tamén en *Señardá*, o seu primeiro libro, constituído por 50 sonetos (Lugo, 1930). O libro —convén subliñalo— foi prologado por Júlio de Lemos, quen asina a súa “Carta-Prefácio” en Viana do Castelo o 21 de xullo de 1929.

Como sinala Antón Capelán<sup>33</sup>, “Os vencidos” foi publicado en *Vida Gallega* o 20 de setembro de 1929, dato que eu non posuía cando preparei a edición da *Poesía galega completa* de Iglesia Alvariño<sup>34</sup>. Así pois, existen tres edicións deste soneto, que son, semana máis, semana menos, contemporáneas na impresión. Agora ben, se o texto de *Vida Gallega* e o de *Señardá* coinciden, o de *O Soneto Neo-Latino* amosa, no primeiro verso, dúas variantes de certa entidade: “Chego moi cansado. Veño moi velliño” por “Veño moi cansado, chego moi velliño...” No verso 2 a edición portuguesa amosa “aflicción” (pseudoulusismo gráfico), que, nas outras, aparece como “afliución”.

Creo que o primeiro texto (no tempo) é o da edición famalicense, que é mellorada nas outras dúas (coincidentes, no esencial).

Este é o primeiro soneto seu na revista:

#### OS VENCIDOS

**C**HEGO moi cansado. Veño moi velliño.  
(¡Dios fan soio sabe d'a miña afliccion!)  
Salironme os lobos de noite ó camiño  
I-esgarapizaronme o meu corazon!...

Meus olliños tristes com'a frol d'o liño  
 (Lagos dond'os cysnes albos da llusion,  
 N-un sol-pôr de rosas, boiaran mansiño,  
 Son abysmos negros d'unha maldicion!...)

Ni'unha flor abrocha xa na miña estrada...  
 Traigo a y-alma triste toda lacerada  
 N-o sudario envolta d'o palor lunar...

Traigo a y-alma morta cheia d'amargura...  
 Ni'unha rosa encontro, ¡miña Virxen Pura!  
 Pra esfollar n-as aras d'o teu vello altar...

AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO  
 (Galálico).

O segundo soneto de Aquilino publicase no tomo III (p. 79):

### A TI, SONETO TRISTE

Para a muller foda corazón, Señora Doña Dorinda  
 Almansa de Noriega Varèla

**C**OMO n-unha fontela verdinosa  
 As follas d'unha branca margarida,  
 N-este sonefo a i-alma delorida  
 Vén a esfollar sua magua más saudosa...

Ven a acender unha purpúrea ròsa  
 Das suas rimas na reixa enferruxida...  
 —N-unha gaiola d'ouro, frolecidia,  
 Enzarrar a más linda mariposa.—

Com' o trigo no règo que abre o arado,  
 Quero enferrar meu corazón maguado  
 Nos meus versos,— as líricas sucadas—

Aniñarán na paz dos meus cantares  
 —Cal nos verdes trigais — os pazpallares,  
 N-un niño de papoulas coloradas...

Julio de 1930.

AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO  
 (Galálico.)

Non incorporei este poema á miña edición da *Poesía galega completa* de Aquilino porque daquela (1986) aínda non consultara *O Soneto Neo-Latino*. O poema reproducéo no seu artigo A. Capelán (p. 73), quen o toma da *Antología de poetas gallegos* de Álvaro das Casas (Bos Aires, 1939). Capelán, en nota, aclara: "...ignoramos se se trata dun texto xa publicado noutro lugar". Fora publicado, polo menos, na revista de Famaliçao nove anos antes. Paga a pena sinalar estas variantes: delorida → doorida; magua → mágoa; enferruxida → enferruxada (que non rima);enzarrar → enzanar; maguado → magoado; pas → paz; trigais → trigals; pazpallares → paspallaes.

Supoño que Álvaro das Casas, colaborador de *O Soneto Neo-Latino*, tomou o poema de Aquilino desta publicación, e quero supoñer que é el o responsable de tales modificáns, algunas disparatadas (enferruxada, enzanar).

Publicouse o terceiro soneto no tomo IV (p. 108):

### USQUE-QUO, DOMINE...?

---

**S**EÑOR, meu corazón, maguado e dolorido,  
E' unha casiña sòia e cuasi derrubada.  
Pola xanela abèrta òllo a noite esfrelada,  
Que lèva sobr'o seio un lirio esmaecido.

Algunhas veces sinto acercar-se un ruído  
Vacilante, d'algén que pasa pola estrada.  
E digo: será Él, que vén pedir pousada,  
Como un pòbre de Deus, lacerado e rendido?...

E fico todo ansioso, a esperar, a esperar...  
E acendo unha fogueira enòrme no meu lar,  
Que traspasa de lus meu pòbre corazón.

Pero Tú nunca vèns... Nunca vèns... — Aló fóra  
Gardúa, señardoso, o vènto, hora íras hora...  
... I-eu fico triste e sô na miña isolación...!

Xaneiro de 1931.

AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO.

Que eu saiba, o autor nunca recuperou en libro ou en revista este soneto, que, ó meu ver, está na liña do existentialismo católico que caracteriza o sonetario *Señardá*, tan próximo no tempo (1930).

O cuarto e derradeiro soneto de Aquilino apareceu no tomo VI-VII (outubro (?) de 1932, p. 195):

## CAMIÑOS DO MAR

A Phileas Lebesgue

O mar está cruzado de vieiros  
 sempre nōvos, pra ir e pra voltar...  
 Que alegria perder-se e non hachar  
 nunca máis nōsos pasos nos carreiros!...

A dórrna da Noitiña, mariñeiro,  
 izou, calada, as vēlas do Luar  
 nos portos do Poente, e foi-se ó Mar  
 en silêncio, cargada de luceiros...

Tal vez nos Polos se quedou encallada  
 ou quizaves chocou na Madrugada  
 cos penedos do Sol, e foi-se ó fundo...

— Deus sabe o que pasó! — Agora, tolas,  
 andam buscando o seu tesouro as olas  
 polas praias sin fin de todo o mundo...

Galissa 14-VI-932.

AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO  
(Do Seminario de Estudos Galegos).

O soneto non se reeditou ata que os compiladores do volume misceláneo *Leva o seu cantare*<sup>35</sup>, de 1964, o exhumaron. Anos despois, tomándoo de aquí, incorporeíño á *Poesía galega completa*. Entre a primeira e a segunda edición hai estas modificacións: fundo → fondo (erro, pois non rima con fondo); andam (lusismo gráfico que hai que apoñer ós impresores) → andan. Na edición en volume suprímese a dedicatoria: “A Phileas Lebesgue”.

Este é tamén o derradeiro soneto galego.

## 6. Nota final

Os nove sonetos galegos ofréncense en edición facsímile, indiscutible, sempre, neste tipo de traballos. Non se omiten, por tanto, datas, dedicatorias e outros peri-textos, ás veces interesantes tanto para o lector común de poesía como para o erudito.

Estamos convencidos, despois das nosas pesquisas *in situ* ante non poucos estudiosos portugueses, de que non se publicaron tomos posteriores ó VI-VII, ou sexa, que non se chegou a iniciar a publicación dos tomos do segundo volume. ¿Por que desapareceu tan axiña unha revista tan importante e tan insólita? Case sempre, nestes casos, son as arcas —baleiras— as que decretan o final de empresas coma esta, que Díez-Canedo calificou, sen xenreira, de “temeraria”. Pero

no caso de *O Soneto Neo-Latino* temos que pensar que non sempre foi unha empresa debidamente apoiada polos poetas, sobre todo polos grandes poetas dos países románicos, moitos deles ausentes. Lembremos, de novo, a “Circular rogatória” (de 1932!) de Álvaro de Castellões. Por outra parte, creo que os entusiastas editores non atoparon, dentro e fóra de Portugal, a acollida, por parte dos críticos e dos *lletraferits*, que a empresa merecía. As notas e artigos que se reproducen ó final do volume primeiro proban que a crítica non foi moito máis alá da cortesía. Debo engadir que as reseñas más interesantes, a de Aquilino e a de Díez-Canedo, son reseñas de colaboradores da revista.

É lexítimo pensar que no arquivo de Álvaro de Castellões (e no de Júlio Brandão) ten que haber sonetos inéditos, quizais non moitos. Os meus amigos de Famaliçāo e de Guimaraes andan, non sen dificultades, á procura deses fondos poéticos<sup>36</sup>.

Hai días comunicábame don Xosé Filgueira Valverde ter noticia de que naqueles anos Otero Pedrayo fixo chegar a Famaliçāo “un feixe de sonetos”. Un feixe, un mollo, ou unha presa, ¿aparecerán algún día?

#### IV. DESPOIS DE O SONETO NEO-LATINO

A revista, que foi creada para dar resposta positiva á “crise do soneto” (crise existente “na propria Itália”), xorde no momento en que fai furor, sobre todo entre os novos, o versolibrismo, un tempo, pois, no que unha forma tan ríxida como a do soneto vai ser especialmente problemática. Pero, pasado algún tempo, vólvese a un certo clasicismo e moitos poetas non rexeitan ese molde métrico que, desde o *dolce stil novo* ó século XX, ten sido cortexado, ás veces con éxito, centos e centos de veces en moitas linguas e países. Xa en 1936 un especialista portugués, Agostinho de Campos, era capaz de afirmar: “O soneto nasceu occidental, meridional, latino e católico, o que o não impedia de conquistar a Europa toda...”<sup>37</sup>. Oito anos despois, quen viña do balbordo vanguardista dos anos vinte, Dámaso Alonso, proclama no pórtico dun libro de sonetos: “Y pasarán los años y los años, irán modas, vendrán modas, y ese ser creado, tan complicado y tan inocente, tan sabio y tan pueril, nada, en suma, dos cuartetos y dos tercetos, seguirá teniendo una eterna voz para el hombre, siempre igual, pero siempre nueva, pero siempre distinta”<sup>38</sup>. E case hoxe mesmo, en 1989, un estudioso do soneto, François Jost, escribe: “Les genres passent, le sonnet demeure”<sup>39</sup>.

¿Esmoreceu o soneto na literatura galega desde 1933? Non tal. Se nos atemos ó período que se inicia arredor de 1950 (superado o hiato provocado pola Guerra Civil), imos atopar, ata hoxe mesmo, un número elevado de sonetistas, algúns excepcionais sonetistas, e moitos autores de libros enteros de sonetos, por exemplo, Faustino Rey Romero (*Escolanía de metros*, 1959), Aquilino Iglesia Alvariño (*Lanza de soledá*, 1961), Arcadio López-Casanova (*Sonetos da esperanza presentida*, 1965), Xosé Lois García (*Abrielsonetos*, 1974), Millán Picouto (*Sonetos da lúa chea*, 1978), Xavier R. Baixeras (*Fentos no mar*, 1981), Darío Xohán Cabana (*A fraga amurallada*, 1982), Antón Tovar (*A nada destemida*, 1991), Miro Villar (*Ausencias pretéritas*, 1992)... Algúns dos mencionados son autores de varios sonetarios (Baixeras, Cabana).

Como autores de valiosos sonetos (dispersos) deben ser citados, entre outros, Carballo Calero, Celso Emilio Ferreiro, Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, Víctor Campio

Pereira, Avilés de Taramancos, García Bodaño, Méndez Ferrín, Rábade Paredes, Vergara Vilariño, Vázquez Naval, Ramiro Fonte e Luísa Villalta.

Poderían citarse otras manifestacións como a traducción, por Lois Tobío, dos *Sonetos a Orfeu* de Rilke (1980) e a publicación dalgún sonetario colectivo (*Ofrenda lírica á nena M<sup>a</sup> Isabel Ramón...*, 1955...).

*Rebus sic stantibus*, de 1950 a hoxe mesmo, o soneto ten sido cultivado con xenerosidade, con paixón ás veces e, en non poucas ocasións, cun excelente nivel. Quizais non haxa un Dante, nin un Petrarca, nin un Garcilaso, nin un Shakespeare, nin un Quevedo, nin un Antero... porque, como dixo Boileau en 1674, “Un sonnet sans défauts vaut seul un long poème”.

## NOTAS

- 1 "Continuaçāo...", s. p.
- 2 *Ibidem*.
- 3 Hai anos publiquei un breve artigo: "Otero Pedrayo, sonetista neo-latino", *Boletín Galaxia* 3, 1988.
- 4 *Dicionário de Literatura (... portuguesa... brasileira... galega...)*, O Porto, 1978.
- 5 *Dicionário das revistas literárias portuguesas*, Lisboa, Contexto, 1985.
- 6 Falando de *Mágoas* (1901) escribe: "O mellor son os sonetos estilo século XVI [...]. Vaamonde, polo seu temperamento e a súa formación cultural, áchase na súa propia casa nista fórmula poética..." (*Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1963, p. 466).
- 7 López Abente, Gonzalo, *Antoloxía poética*, A Coruña, Espiral Maior, 1995.
- 8 O primeiro poema de Otero, "Nouturnio", publicouse en *A Nosa Terra* o 1 de xullo de 1925; moi poucos más publicará con anterioridade a 1929. Antes de 1929 non publicou sonetos.
- 9 Estes e outros datos déboos a Amadeu Gonçalves, funcionario da Biblioteca Camilo Castelo Branco de Famaliçāo.
- 10 Na *Enciclopedia Portuguesa e Brasileira* (vol. VI) cítase, como libro seu, *Do (sic) soneto neo-latino* (1930), o que proba a confusión que hai sobre esta revista de poesía.
- 11 *El Ideal Gallego*, La Coruña, 18-10-1930. Tómoo do libro que se cita na nota 22 (II, 535).
- 12 *Boletim cultural*, Câmara Municipal de Vila Nova de Famaliçāo, 10-11, 1990-1991, pp. 139-46.
- 13 A colección menos incompleta que consultei en Galicia foi a da Biblioteca Penzol (Vigo): tomos II, III, IV e VI-VII (faltan, pois, o I e o V).
- 14 Non é fácil precisar mes e ano de cada número, que non figuran en ningún dos tomos. Confeso que só consultei os mencionados na nota 13, pero debo pensar que os tomos I e V omiten, tamén, a cronoloxía.
- 15 Foi quien prologou, en 1930, *Señardā* de A. Iglesia Alvariño. Para máis datos sobre esta relación, vid. Rodríguez, Luciano, *Poesía de A. I. A.*, Deputación Provincial de Lugo, s. d., p. 114.
- 16 Un poema francés seu, "Chanson roumaine", foi traducido ó galego no libro de Plácido R. Castro, L. Tobío Fernández e F. M. Delgado Gurriarán, *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, Bos Aires, Alborada, 1949, pp. 162-65.
- 17 Tamén se atopa en *A Nosa Terra* e nalgunha outra publicación.
- 18 *Antología de la poesía española e hispano americana*, Madrid, Centro Estudios Históricos, 1934, pp. 895-902.
- 19 Vid. Jost, François, *Le sonnet de Pétrarque à Baudelaire. Modes et modulations*, Berne, Peter Lang, 1989, p. 89.
- 20 Esta é a denominación presente no título dun libro de Francisco Rodríguez Marín que aquí interesa: *Sonetos sonetiles ajenos y propios ensartados en el bilo pellíquero de su clara prosilla castellana*, Madrid, C. Bermejo, Impresor, 1941.
- 21 Hai meses recibín, como resposta ó epígrafe 20 do meu Inquerito, senllos sonetos ó soneto de Xosé Filgueira Valverde e Alexandra Koss.
- 22 Vid. *El soneto español en el Siglo de Oro*, ed. de Elías L. Rivers, Madrid, Akal, 1993, pp. 9 e 33-34.

- 23 Recordo tres de tema relixioso: "Chorai, chorai..." (*Nós*, 15-12-1925), "N-o subrime día (*Vida Gallega*, 15-10-1920) e "Non me move..." (*id.*, traducción, este, do famoso soneto anónimo do XVI ("No me mueve, mi Dios, para quererte"). Anterior é "A campana choca" (*O Tío Marcos da Portela*, 21-3-1919), dedicado a Noriega Varela.
- 24 Noriega Varela, Antonio, *Estudio e edición da obra completa*, 2 vols., Deputación Provincial de Lugo, 1994, I, 433-34.
- 25 A carta reproduxea X. R. Freixeiro Mato, *op. cit.*, II, pp. 399-400. Neste volume reproducense outras cartas nas que se insiste neste proxecto de sonetario (396, 402).
- 26 Vid. nota 11.
- 27 *Sete poetas*, Vigo, Galaxia, 1955, p. 131.
- 28 *Historia da literatura...*, p. 680.
- 29 "Nouturnio" (*A Nosa Terra*, 1-7-1925); "A serra da Martiñá" (*id.*, 1-11-1925); "Natal" (*El Pueblo Gallego*, 31-12-1926) e "Domingo d'outono" (*id.*, 1-2-1928). En realidade, hai un poema máis, "O peregrino" (*Nós*, 15-2-1927) que nesta revista aparece asinado por R., o que fixo pensar a algúns que se tratava de Risco, a quen se lle atribúe en *Galicia* (Montevideo, agosto, 1929), que o reproduce. Posúo carta de Ramón Piñeiro na que me comunica que o propio don Ramón lle tiña falado da verdadeira autoría do poema.
- 30 Nese ano (*Nós*, 15-10-1929) publica a tradución do soneto de Baudelaire "A Ivonne Pen-Moor". Otero publicaraa despois (con algunha variante) en *Resol* (9, febreiro, 1935).
- 31 *A Nosa Terra*, 25-7-1927.
- 32 Na compilación de textos *Homenaxe a D. Ramón Otero Pedrayo*, Centro Cultural da Caixa de Aforros de Vigo, 1988, e no artigo citado na nota 3.
- 33 "Notas críticas a unha edición da poesía galega de A. I. A.", *Boletín Galego de Literatura* 2, 1989, p. 62.
- 34 Vigo, Xerais, 1986.
- 35 Vilagarcía de Arousa, Celta, 1964. Este volume, homenaxe póstuma ó poeta, foi subvencionado, a iniciativa de Borobó, por un grupo de amigos.
- 36 Debo agradecer, unha vez máis, as pesquisas e axudas do meu grande amigo o profesor Santos Simões, director do Museo Martins Sarmento de Guimarães.
- 37 *Estudos sobre o soneto*, Coímbra, 1936, p. 6.
- 38 "Permanencia del soneto", en *Ensayos sobre poesía española*, Madrid, Revista de Occidente, 1944, p. 398. (É o prólogo ó libro de Vicente Gaos *Arcángel de mi noche*, 1944.)
- 39 *Op. cit.* na nota 18, p. 7.

## Apéndice Índice dos sonetos

---

### ARGENTINOS

- “Jornada”, Gonzales Carbalho
- “Lejanía”, Mary Rega Molina
- “Retorno”, Mary Rega Molina
- “Tarde gris”, Mary Rega Molina
- “Camino de azuzenas”, Gonzales Carbalho

### BELGAS

- “À la maison des aïeules”, Victor Orban
- “Les deux ombres”, Valère Gille
- “Soir sur l’Etna”, Comte H. Carton de Wiart

### BRASILEIROS

- “Arachne”, Alberto de Oliveira
- “Sexo fraco”, Filinto de Almeida
- “Brasil”, Martins Fontes
- “O Pharol”, Carlos Magalhães de Azeredo
- “Agua que reza”, Alberto de Oliveira
- “Carnaval”, Martins Fontes

- “O Soneto”, Filinto de Almeida  
 “A’ musa antiga”, Mario de Artagão  
 “Magia da música”, Carlos Magalhães de Azeredo  
 “O anacoréta”, Olegario Marianno  
 “Soneto ao soneto”, Menotti del Picchia  
 “Judeu errante”, Osorio Dutra  
 “Cinco sentidos”, Af. Lopes de Almeida  
 “Paladinesca”, Martins Fontes  
 “Orgulho”, Iveta Ribeiro  
 “Suavíssimas lagrimas”, Catullo Cearense  
 “Renuncia”, Olegario Marianno  
 “A vingança das montanhas”, Menotti del Picchia  
 “Na praia”, Mario de Artagão  
 “Odor di Femina”, Osorio Dutra

#### ESPAÑHÓIS

- “Soneto al soneto”, Enríque Diez-Canedo  
 “El lecho cotidiano”, Fernando González  
 “Sorrisos d’elas”, Antonio Noriega Varela  
 “Bétula fidelis”, Ramón Otero Pedrayo  
 “Yo, a mi cuerpo”, Domingo Rivero  
 “Preludi estival”, J. M. López-Picó  
 “Os vencidos”, Aquilino Iglesia Alvariño  
 “Llorer, sempre Llorer”, Almela I. Vives  
 “Autorretrato”, Álvaro de Las Casas  
 “Andén”, Ernestina de Champourcín  
 “Amanecer”, Juan José Domenchina  
 “Canción d’outono”, Ramón Otero Pedrayo  
 “A ti, soneto triste”, Aquilino Iglesia Alvariño  
 “Eterna mia”, Mauricio Bacarisse  
 “Rio Saja”, Concha Espina  
 “Badalada d’outono”, Ramón Otero Pedrayo  
 “Usque-quo, Domine...?”, Aquilino Iglesia Alvariño  
 “Soneto de la nave ilusión”, Luis G. Bilbao  
 “Soneto”, Claudio de La Torre  
 “Na coba de Rosalía”, Ramón Otero Pedrayo  
 “Cassel”, Concha Espina  
 “Camiños do mar”, Aquilino Iglesia Alvariño

#### FRANCESSES

- “Au bord du Tage”, Philéas Lebesgue  
 “L’idée”, Albert Willemet  
 “Automne”, Philéas Lebesgue  
 “Devant vous...”, Albert Willemet  
 “L’étoile de l’amour”, Henri de Régnier  
 “Boca do inferno”, Philéas Lebesgue

"Requiescam...", A. M. Gossez  
 "A une cigale", Léon Bocquet  
 "Sonnet", André Foulon de Vaulx  
 "Et maintenant...", Albert Willemet  
 "Cher amour...", Louis Lefebvre  
 "La deuxième cène", Sébastien-Charles Leconte  
 "L'archet", Philéas Lebesgue  
 "Ma tombe", Leon Bocquet  
 "Toi dont tant de douleurs...", Louis Lefebvre  
 "Sur Charles Nodier", Charles Le Goffic  
 "Dans la nuit", Philéas Lebesgue  
 "A mon père", Adrien Gillouin  
 "Antagonisme", Germaine de La Boutetière  
 "Espagne", Leon Bocquet

## ITALIANOS

"La 'Primavera' del Botticelli", Massimo Coronaro  
 "Lindbergh", Guido Battelli  
 "Dante", Giov. Boeri  
 "Calendimaggio", Vittorio Fabiani  
 "Rimembranze", Antonio Padula  
 "Dulcis hora", Dino G. Pantani  
 "Risveglio primaverile", M. Mario Mucciacciaro  
 "Lezione", Lionello Fiumi  
 "Ei-la, Coimbra!", Giuseppe Cellini  
 "Stornello", Vittorio Fabiani  
 "La prima foglia", Antonino Anile  
 "La morte dell'aquilotto", Salvatore Deledda  
 "San Pietro", Fausto Cesare Biondi  
 "Sotto l'ala azzurra", Franco Benelli  
 "I miei versi", Gruido Battelli  
 "Sonetto", Onorio Ferrero  
 "La campana dell'Università", Giuseppe Cellini  
 "Veglia", Vincenzo Toscano  
 "O vergin che passate", Sergio Frusoni  
 "La neve", Pasquale Scarfó  
 "Sonetti al figlio", Nicoló Cupi  
 "La vita del poeta", Rocco Arcadi  
 "A mia sorella", Giovanni Silingardi  
 "Firenze", Massimo Coronaro  
 "Silenzio", Guido Baltelli  
 "Circolare rogatoria", Guido Battelli  
 "La fioraia", Giuseppe Cellini  
 "Ultime pagina", Sergio Frusoni

## MEXICANOS

"Poesía", Enrique González Martínez  
 "No hallará paz quien busque dicha terrena", María Enriqueta

- “Quando parte el amor...”, María Enriqueta  
 “Abanico”, José I. Armida  
 “Así dijo el agua...”, María Enriqueta  
 “Magdalena”, José I. Armida  
 “La pasión del Mar”, Antonio Caso

## PORTUGUESES

- “Remorso”, Henrique Lopes de Mendonça  
 “Nunca mais”, Virginia Victorino  
 “Ao Mondego”, Eugenio de Castro  
 “Ondas revoltas”, Branca de Gonta Colaço  
 “Sobrevida”, Luiz de Magalhães  
 “Ansiedade”, Martha de Mesquita de Camara  
 “Portugal novo”, Alberto d’Oliveira  
 “A lança”, Manoel da Silva Gaio  
 “Vozes extintas”, João Saraiva  
 “Macieira em flôr”, Fausto Guedes Teixeira  
 “Regresso”, D. João de Castro  
 “O silêncio da noite”, Mário Beirão  
 “Vieille Cloche”, Celestino Soares  
 “Nobreza da selva”, Henrique Lopes de Mendonça  
 “Luz extinta”, Domitilla de Carvalho  
 “Infidelidade”, D. Alberto Bramão  
 “A Jesús”, María O’Neill  
 “Cartas de amor”, Júlio Brandão  
 “Uma hora...”, María de Carvalho  
 “O ultimo monge”, Luiz de Magalhães  
 “Renascer”, Laura Chaves  
 “A confissão de D. João Tenório”, Campos Monteiro  
 “O meu outono”, João Saraiva  
 “Tricanas”, Alberto Osorio de Castro  
 “Pizzicato”, Manuel de Moura  
 “Post mortem”, José Leite de Vasconcellos  
 “Soneto a María”, Alvaro de Castellões  
 “O canto da Sereia”, António Corrêa d’Oliveira  
 “Mistério”, María de Carvalho  
 “Ontem e hoje”, Campos Monteiro  
 “Jardin secret”, María Magdalena de Martel Patricio  
 “Á chimera”, Luiz de Magalhães  
 “Palavra fatal”, D. Alberto Bramão  
 “Separação”, Júlio Brandão  
 “Feiticeira”, Delfim Guimarães  
 “Na montanha”, Joaquim Costa  
 “O Juizo de París”, Cardoso Martha  
 “Vôo de ave”, António Ferreira Monteiro  
 “Senhora da ilusão”, Fernando de Macedo Lopes  
 “Gerez”, Matias Lima  
 “Madrigal antigo”, Alvaro de Castellões

- “Leda”, Antonio Feijó  
 “Chimeras”, Antonio Feijó  
 “Crepúsculo”, Virginia Victorino  
 “Alva”, Luiz de Magalhães  
 “Ambição”, Fernando de Castro  
 “Palavra estranha”, D. Alberto Bramão  
 “Desalento”, María Amélia Teixeira (Filha)  
 “Memoria”, João de Barros  
 “A ultima rosa”, João Saraiva  
 “Escurial”, Antonio Ferreira Monteiro  
 “Homo”, Candido Guerrero  
 “O leão vencido”, Alvaro de Castellões  
 “Paradoxo”, Luiz de Magalhães  
 “Viver”, Eugenia Rego Pereira  
 “O destino”, D. Alberto Bramão  
 “Descrença”, Rosa Silvestre  
 “Nocturno”, Espínola de Mendoça  
 “Neurasthenía”, Thomaz Ribeiro Colaço  
 “Rôlas cativas”, Manuel de Moura  
 “Circular rogatória”, Alvaro de Castellões (fôlha solta)  
 “Na floresta”, Alberto d’Oliveira  
 “Caminho de amargura”, Fernanda de Castro  
 “Crepusculo na montanha”, Campos Monteiro  
 “Linha perpendicular recta”, Martha de Mesquita da Camara  
 “Soldado desconhecido”, D. Alberto Bramão  
 “Africa de encanto e de misterio”, Ermelinda Veiga S. Santos  
 “Novo reino”, Luiz de Magalhães  
 “A Sereia”, Júlio Brandão  
 “Sol-posto”, Espínola de Mendonça  
 “Pauvre amour!”, Celestino Soares  
 “As feras”, Antonio Ferreira Monteiro  
 “O Precursor”, Adriano Fernandes de Azevedo  
 “O soneto, voz portuguesa”, Alvaro de Castellões  
 “Rio trágico”, João Saraiva  
 “Coimbra”, Luiz de Magalhães  
 “Maldiçao”, Pedro Homem de Melo  
 “Quando parte o amor...”, Alvaro de Castellões  
 “Leitura a bordo”, Alvaro de Castellões  
 “A uma jovem pianista”, Adriano Fernandes de Azevedo  
 “Antagonismo”, Alvaro de Castellões

## ROMAICOS

- “Contre l’oubli”, Hélène Vacaresco  
 “Icoanā venetianā”, N. Iorga  
 “Harmonie”, Hélène Vacaresco